REAL CLUB DEPORTIVO LA CORUÑA

O lume segue vivo!

ABONOS
2019/2020

ÍNDICE

PRESENTACIÓN 3
POR QUE ABONARSE? 4
TIPOS DE ABONO 2019/2020 5
ESTADIO ABANCA-RIAZOR 8
TÁBOA DE PREZOS 9
FINANCIAMENTO ABANCA 13
ABONO DEPORTIVO LICEO 14
CALENDARIO 15
PROCEDEMENTO DE RENOVACIÓNS E ALTAS 16
DEREITOS E OBRIGACIÓNS DOS SOCIOS 18
PREGUNTAS FRECUENTES 24
INCENTIVOS 29
SERVIZOS E INSTALACIÓNS
DE ATENCIÓN AO DEPORTIVISTA 30

Deportivista,

comeza unha nova temporada que, por segundo ano consecutivo, non dará nin unha fin de semana para o descanso. 42 xornadas de agosto a xuño para lograr un obxectivo que este verán escapóusenos no último suspiro.

Perdemos a oportunidade de ascender de novo á primeira, pero gañamos algo que non se pode conseguir se non é grazas a ti: a unión total entre o equipo e a súa afección. Grazas polo apoio incondicional e sen tregua, por converter ABANCA-RIAZOR nun escenario inigualable, por facer sentir aos nosos xogadores un respaldo que desequilibrou nos momentos cruciais, unha calor contaxiosa que se estendeu desde o Estadio a toda a cidade e a todo o deportivismo.

Non podemos deixar que esa temperatura e ese ambiente que xeramos entre todos se perda, temos que seguir concentrándoo no noso Estadio cada vez que se xogue un partido para facer máis factible que finalmente todo explote coa alegría dun ascenso.

Por iso dámosche as grazas, por querer estar unha temporada máis ao noso lado e, sobre todo, por manter vivo o ***LUME!*** que converterá nunha caldeira cada partido na nosa casa.

POR QUE ABONARSE?

- Asistir a **todos os partidos de LaLiga 1|2|3 e da Copa do Rey** que se xoguen no Estadio ABANCA-RIAZOR, ademais do **Trofeo Teresa Herrera**
- Asistir a **todos os partidos da Liga Iberdrola e a Copa da Raíña** do Dépor ABANCA que se xoguen na Cidade Deportiva de Abegondo (Ata completar aforo)
- Asistir a **todos os partidos do Fabril** que se xoguen na Cidade Deportiva de Abegondo (Ata completar aforo)
- Asistir a **todos os partidos de #anosacanteira** na Cidade Deportiva de Abegondo (Ata completar aforo)
- Asistir a **todos os partidos do Deportivo de LaLiga Genuine** na Cidade Deportiva de Abegondo (Ata completar aforo)
- Gozar do proxecto **Destino Dépor**: Destino Riazor e Destino Abegondo
- Gozar do proxecto **AsistiDÉ**
- Asignación dun número de socio que lle outorga **antigüidade no Club** e que conservará sempre que manteña en vigor o seu abono
- Gozar do **5% de desconto na DéporTienda** de ABANCA-RIAZOR, Marineda City e en www.deportienda.es/gl
- Gozar do **15% de desconto na DéporClínica** (excepto tratamentos de podoloxía)
- Participar en **sorteos exclusivos, experiencias e campañas** especiais que organice o Club
- Tener **preferencia na compra de entradas** para os encontros que o equipo xogue fóra de casa
- Comprar **entradas con desconto de socio** naqueles partidos que así o dispoña o Club
- Ter **descontos e promocións das empresas patrocinadoras** e outros colaboradores do Club
- Ter **tarifas especiais nos DéporCampus Cabreiroá** así como noutras actividades que organice o Club
- Recibir unha **especial atención na OAD**, sempre ao dispor do socio para atender todas as súas necesidades ou inquietudes
- Poder gozar de **bonificacións en todas as bancadas** de ABANCA-RIAZOR
- Ampliación da zona destinada a usuarios de cadeiras de rodas e os seus acompañantes
- Continuidade da Bancada Solidaria e da Bancada Especial Nen@s
- En caso de non acudir a ABANCA-RIAZOR poderase ceder o asento a distintos colectivos sociais
- O carné "Nen@Dépor" permitirá a todos os Deportivistas de ata dous anos o acceso ao Estadio ABANCA-RIAZOR
- Usar a plataforma de Cita Previa para evitar as longas colas de espera
- **Por 5 euros máis conseguir o abono único do Deportivo Liceo**

TIPOS DE ABONOS

NORMAL

Abono xeral, sen bonificación e totalmente transferible a calquera persoa.

VIP

O Estadio ABANCA-RIAZOR dispón de **Palcos VIP** privados situados **baixo Preferencia Superior**, destinados a aquelas **empresas** que queiran presenciar os encontros nun ambiente exclusivo, con todas as comodidades e servizos adicionais que dispón o Club. Ademais, a **Área 1906**, conta con 113 localidades VIP localizadas en **Tribuna Inferior** destinadas a todos aqueles que queiran vivir unha experiencia única e emocionante en cada un dos encontros. **Máis información en areasvip@rcdeportivo.es**

BONIFICADOS

Abonos con restricións de uso

Maiores de 65: Tarifa especial sobre o Abono Normal da temporada. Aplicable en todas as localidades. Considerarase maior de 65 anos a todos aqueles **socios nacidos antes do 31/12/1954** (inclusive). En caso de non acudir o titular do abono para renovar ou dar o alta, solicitarase DNI ou Fe de Vida. Será obrigatoria a presentación do DNI no momento da expedición e a requirimento de calquera empregado do Club durante a temporada. A utilización do carné por persoas menores de 65 anos será motivo de retirada inmediata do mesmo, que só poderá ser recuperado, por parte do titular (I) abonando o prezo da entrada de público fixado para o devandito partido no que foi retirado na bancada correspondente, se esta fose a primeira vez que se retira ou (II) abonando a diferenza entre o prezo bonificado e o prezo sen desconto da bancada do devandito carné se o mal uso se reiterase.

Diversidade Funcional: Tarifa especial sobre o Abono Normal da temporada a toda **persoa que padeza unha discapacidade igual ou superior a un 33%**. Para obtelo debe presentar o certificado de discapacidade no momento de expedir o carné. En caso de necesitar acompañante (imprescindible certificado médico) aplicaráselle a este o mesmo desconto. A zona habilitada para abonados con mobilidade reducida en cadeira de rodas atópase situada en Tribuna Inferior Impar e Pavillón Inferior e aplicarase o desconto do 20% sobre o prezo do abono de Marathón Inferior. A utilización do carné por persoas distintas ao seu titular será motivo de retirada inmediata do mesmo, que só poderá ser recuperado, por parte do titular (I) abonando o prezo da entrada de público fixado para o devandito partido no que foi retirado na bancada correspondente, se esta fose a primeira vez que se retira ou (II) abonando a diferenza entre o prezo bonificado e o prezo sen desconto da bancada do devandito carné se o mal uso se reiterase.

Desempregado: Tarifa especial sobre o Abono Normal da temporada. Aplicable a todas as localidades. Deberase presentar tarxeta actualizada que certifica a condición de **demandante de emprego expedida polo SEPE**, non sendo válida a "mellora de emprego". O carné só poderá ser utilizado polo titular durante a temporada, polo que deberá presentar o DNI a requirimento de calquera empregado do Club, procedéndose á súa retirada en caso de uso indebido. Para recuperalo, o titular deberá (I) abonar o prezo da entrada de público fixado para o devandito partido no que foi retirado na bancada correspondente, se esta fose a primeira vez que se retira ou (II) abonar a diferenza entre o prezo bonificado e o prezo sen desconto da bancada do devandito carné se o mal uso se reiterase.

Sub 25: Tarifa especial sobre o Abono Normal da temporada. Aplicable en todas as localidades. Considérase sub 25 a todos aqueles **socios nacidos entre o 01/01/1994 e o 31/12/2003** (ambos inclusive). Será obrigatoria a presentación do DNI no momento da expedición e a requirimento de calquera empregado do Club durante a temporada. A utilización do carné por persoas maiores de 25 anos será motivo de retirada do mesmo. Só poderá ser recuperado, por parte do titular (I) abonando o prezo da entrada de público fixado para o devandito partido no que foi retirado na bancada correspondente, se esta fose a primeira vez que se retira ou (II) abonando a diferenza entre o prezo bonificado e o prezo sen desconto da bancada do devandito carné se o mal uso se reiterase.

ADN Branquiazul (Sub 15): Tarifa especial sobre o Abono Normal da temporada. Considérase ADN Branquiazul a todos aqueles **socios nacidos despois do 01/01/2004** (inclusive). O abono deberá ir sempre vinculado ao dun socio maior de idade. No momento de alta dun carné de ADN Branquiazul entregarase a asinar un documento ao socio maior de idade responsabilizándose da súa correcta utilización durante a temporada. A utilización do carné por persoas maiores de 15 anos será motivo de retirada do mesmo, que só poderá ser recuperado, por parte do adulto responsable do menor titular (I) abonando o prezo da entrada de público fixado para o devandito partido no que foi retirado na bancada correspondente, se esta fose a primeira vez que se retira ou (II) abonando a diferenza entre o prezo bonificado e o prezo sen desconto da bancada do devandito carné se o mal uso se reiterase.

Bancada Familiar: Abono especial para familias, que permitirá aos membros dunha mesma familia apoiar xuntos ao equipo. **Mínimo 3 membros dunha mesma familia** (pais-fillos/avós-netos). Dous tipos de pack: 2 adultos 1 neno ou 1 adulto 2 nenos. Nenos ata 15 anos e un máximo de 3 nenos adicionais. O abono do/os neno/s irá sempre vinculado ao socio maior de idade. No momento da expedición dos carnés familiares entregarase a asinar un documento ao socio maior de idade responsabilizándose da súa correcta utilización durante a temporada. Imprescindible presentar o Libro de Familia para acreditar a relación de parentesco. A zona habilitada como Bancada Familiar atópase situada en Tribuna Inferior Lateral e Preferencia Superior Córner. **Xuntanza Familiar:** situada en Preferencia Superior Corner aplícase un desconto especial sobre o prezo do abono normal ás **familias cun parentesco ata segundo grao** (mostrarase o libro de familia ou documento que acredite o parentesco) e cun mínimo de tres abonos.

Bancada Peñas Deportivistas: Abonos especiais para as Peñas Deportivistas con prezos bonificados co obxectivo de que as **peñas poidan situarse conxuntamente para animar ao equipo**. Número mínimo de membros dunha mesma peña para acceder á bonificación: 3. Sobre a tarifa especial aplicarase o 20% de desconto se son entre 5 e 9 os membros dunha mesma peña e o 30% de desconto se son 10 ou máis membros dunha mesma peña. O presidente da peña será quen solicite a totalidade dos abonos, realizará o trámite previa cita con toda a información completa dos abonos dos seus peñistas e efectuará o pago conxunto. A zona habilitada como Bancada Peñas Deportivistas atópase situada en **Preferencia Superior Córner Impar**.

Bancada Estudantes: **Abono especial estudantes (Carné Universitario)**, para gozar todos xuntos ao terminar as clases dos partidos do Dépor. Imprescindible presentar Carné Universitario (sempre que nel indíquese a data de caducidade do mesmo) ou a matrícula do ano académico en curso no momento de expedir o abono. A zona habilitada como Bancada Estudantes atópase situada en **Preferencia Superior Córner**. A utilización do carné por unha persoa diferente do titular será motivo de retirada do mesmo, que só poderá ser recuperado, por parte do titular (I) abonando o prezo da entrada de público fixado para o devandito partido no que foi retirado na bancada correspondente, se esta fose a primeira vez que se retira ou (II) abonando a diferenza entre o prezo bonificado e o prezo sen desconto da bancada do devandito carné se o mal uso se reiterase.

Bancada Especial Nen@ s: Abono especial para **Deportivistas menores de 15 anos** que poderán gozar todos xuntos os partidos do Dépor. Considerarase menor de 15 anos a todos aqueles socios **nacidos despois do 01/01/2004** (inclusive). Bancada situada en **Pavillón Superior Impar**. Por motivos de seguridade o Club resérvase o dereito de recolocar nunha bancada igual ou superior en determinados partidos

por afluencia de afección visitante coas mesmas condicións que na bancada orixinal. O abono deberá ir sempre vinculado ao dun socio maior de idade. No momento de alta dun carné Bancada Especial Nen@ s entregarase a asinar un documento ao socio maior de idade responsabilizándose da súa correcta utilización durante a temporada. A utilización do carné por persoas maiores de 15 anos será motivo de retirada do mesmo, que só poderá ser recuperado, por parte do adulto responsable do menor titular (I) abonando o prezo da entrada de público fixado para o devandito partido no que foi retirado na bancada correspondente, se esta fose a primeira vez que se retira ou (II) abonando a diferenza entre o prezo bonificado e o prezo sen desconto da bancada do devandito carné se o mal uso se reiterase.

Socio Amigo: Especialmente creado para afeccionados que residen fóra da Coruña. Poderán **manter a antigüidade e asistir a un encontro de Liga** (excluídos partidos de play off, cuartos de final ou semifinal de Copa do Rey). Prezo único do abono: 50 euros. A entrada poderá ser de calquera das bancadas de Fondo (Pavillón ou Marathón) ou Preferencia Inferior, sempre baixo a dispoñibilidade do momento no que se realice a solicitude.

Nen@ Dépor: Especialmente creado para **recentemente nacidos de 0-2 anos**. Considérase Nen@ Dépor a todos aqueles socios nacidos despois do 01/01/2017 (inclusive). **Poderán manter a antigüidade e asistir aos partidos de LaLiga 1|2|3 ou da Copa do Rey** (excluídos partidos de play off, cuartos de final ou semifinal de Copa do Rey) que se disputen no Estadio ABANCA-RIAZOR, para iso só terán que retirar a invitación de acceso o mesmo día de partido en presenza do Nen@ Dépor. Prezo do abono 50 euros. Prezo único do abono con produtos Nen@ Dépor da DéporTienda, especial pack de agasallo: 75 euros.

Bancada Solidaria: O Real Club Deportivo, fiel ao seu compromiso solidario e co obxectivo de comunicar as innumerables accións de Responsabilidade Social que desenvolve ao longo do ano, habilita unha Bancada Solidaria, cunha capacidade de **250 localidades, para axudar á integración social dos diferentes colectivos presentes na nosa cidade**. O Club, cumprindo coa súa política de transparencia, fará pública en cada xornada a lista de colectivos participantes. Só poderán solicitar ONGs, Fundacións ou Institucións sen ánimo de lucro que traballen a nivel local con colectivos desfavorecidos, saúde, infancia ou integración social. O protocolo completo de solicitudes xestiónase no Departamento de Responsabilidade Social en responsabilidadsocial@rcdeportivo.es

ABANCA RIAZOR

PG Portas de garda para acceder no transcurso dos partidos

Portas de acceso Nen@ Dépor

- TRIBUNA SUPERIOR
- TRIBUNA INFERIOR
- MARATHÓN SUPERIOR
- MARATHÓN INFERIOR
- PAVILLÓN SUPERIOR
- PAVILLÓN INFERIOR
- CURVA PAVILLÓN SUPERIOR
- CURVA PAVILLÓN INFERIOR
- PREFERENCIA SUPERIOR CENTRAL
- PREFERENCIA SUPERIOR CÓRNER
- PREFERENCIA INFERIOR

GRADAS ESPECIALES

- PALCOS VIP / ÁREA 1906
- FAMILIAR
- PEÑAS
- ESTUDANTES
- AFECCIÓN VISITANTE
- ENTRADAS
- NENOS

TÁBOA DE PREZOS

ABONO ANUAL

PRIMEIRO PRAZO

TEMPORADA 2019/2020
ATÉ O 13/08/19

Posterior subida dun 5 %

	ABONO NORMAL	BONIFICADOS				NEN@ DÉPOR e SOCIO AMIGO
		MAIOR DE 65 E DISCAPACIDADE -20%	DESEMPREGADO -30%	SUB 25 -40%	ADN BRANQUIAZUL	
Tribuna Superior	565	452	395	339	256	50
Tribuna Inferior	517	413	361	310	238	
Preferencia Sup. Central	474	379	331	284	211	
Preferencia Sup. Córn	403	322	282	241	184	
Preferencia Inferior	237	189	165	142	103	
Marathón Superior	342	273	239	205	157	
Marathón Inferior	199	159	139	119	94	
Pavillón Superior	237	189	165	142	103	
Pavillón Curva Superior Par	256	204	179	153	121	
Pavillón Inferior	171	136	119	102	85	
Pavillón Curva Inferior Par	190	152	133	114	94	

BANCADA FAMILIAR (Pais - Fillos / Avós - Netos)	PACK 1 (2 ADULTOS + 1 NENO) (ata 15 anos)	PACK 2 (1 ADULTO + 2 NENOS) (ata 15 anos)	ADN ADICIONAL (ata 15 anos, máximo 3)
Tribuna Inferior Lateral	949	759	142
Preferencia Sup. Córner	759	569	95

XUNTANZA FAMILIAR (Ata 2º grado)	ABONO 3	ABONO 4	ABONO 5
Preferencia Sup. Córner	360	320	285

BANCADA PEÑAS (Peñas Deportivistas)

Preferencia Sup. Córner Impar

ABONO 3 Mínimo 3 peñistas*
380

ABONO 5 Mínimo 5 peñistas*
304

ABONO 10 Mínimo 10 peñistas*
266

BANCADA ESTUDANTES
CARNÉ UNIVERSITARIO / MATRÍCULA

Preferencia Sup. Córner
199

BANCADA ESPECIAL NENOS ATA 15 ANOS (incluídos)

Pavillón Curva Sup. Impar
76

ÁREA 1906

Tribuna Inferior
1.690

Zona VIP con acceso a servizo de catering

AS BONIFICACIÓNS/DESCONTOS NON SON ACUMULABLES.
UNHA VEZ RENOVADO OU REALIZADA A ALTA NON SE REALIZARÁN DEVOLUCIÓNS

TÁBOA DE PREZOS

ABONO MENSUAL

PRIMEIRO PRAZO

10 cotas

TEMPORADA 2019/2020
ATÉ O 13/08/19

Posterior subida dun 5 %

	ABONO NORMAL	BONIFICADOS		
		MAIOR DE 65 E DISCAPACIDADE -20%	SUB 25 -40%	ADN BRANQUIAZUL
Tribuna Superior	65,0	52,0	39,0	29,4
Tribuna Inferior	59,5	47,5	35,7	27,4
Preferencia Sup. Central	54,5	43,6	32,7	24,3
Preferencia Sup. Córner	46,3	37,0	27,7	21,2
Preferencia Inferior	27,3	21,7	16,3	11,8
Marathón Superior	39,3	31,4	23,6	18,1
Marathón Inferior	22,9	18,3	13,7	10,8
Pavillón Superior	27,3	21,7	16,3	11,8
Pavillón Curva Superior Par	29,4	23,5	17,6	13,9
Pavillón Inferior	19,7	15,6	11,7	9,8
Pavillón Curva Inferior Par	21,9	17,5	13,1	10,8

TÁBOA DE PREZOS

ABONO ANUAL
SEGUNDO PRAZO

TEMPORADA 2019/2020
A PARTIR DO 14/08/19

	ABONO NORMAL	BONIFICADOS				NEN@ DÉPOR e SOCIO AMIGO
		MAIOR DE 65 E DISCAPACIDADE -20%	DESEMPREGADO -30%	SUB 25 -40%	ADN BRANQUIAZUL	
Tribuna Superior	595	476	416	357	268	50
Tribuna Inferior	545	436	381	327	249	
Preferencia Sup. Central	499	399	349	299	221	
Preferencia Sup. Córner	425	340	297	255	193	
Preferencia Inferior	250	200	175	150	108	
Marathón Superior	360	288	252	216	164	
Marathón Inferior	210	168	147	126	98	
Pavillón Superior	250	200	175	150	108	
Pavillón Curva Superior Par	270	216	189	162	127	
Pavillón Inferior	180	144	126	108	89	
Pavillón Curva Inferior Par	200	160	140	120	98	

BANCADA FAMILIAR (Pais - Fillos / Avós - Netos)	PACK 1 (2 ADULTOS + 1 NENO) (ata 15 anos)	PACK 2 (1 ADULTO + 2 NENOS) (ata 15 anos)	ADN ADICIONAL (ata 15 anos, máximo 3)
Tribuna Inferior Lateral	999	799	150
Preferencia Sup. Córner	799	599	100

XUNTANZA FAMILIAR (Hasta 2º grado)	ABONO 3	ABONO 4	ABONO 5
Preferencia Sup. Córner	378	336	296

BANCADA PEÑAS (Peñas Deportivistas)
Preferencia Sup. Córner Impar

ABONO 3 Mínimo 3 peñistas*	400
ABONO 5 Mínimo 5 peñistas*	320
ABONO 10 Mínimo 10 peñistas*	280

BANCADA ESTUDANTES
CARNÉ UNIVERSITARIO / MATRÍCULA
Preferencia Sup. Córner
210

BANCADA ESPECIAL NENOS ATA 15 ANOS (incluídos)
Pavillón Curva Sup. Impar
80

ÁREA 1906
Tribuna Inferior
1.775

Zona VIP con acceso a servizo de catering

AS BONIFICACIÓNS/DESCONTOS NON SON ACUMULABLES.
UNHA VEZ RENOVADO OU REALIZADA A ALTA NON SE REALIZARÁN DEVOLUCIÓNS

TÁBOA DE PREZOS

ABONO MENSUAL

SEGUNDO PRAZO

10 cotas

TEMPORADA 2019/2020

A PARTIR DO 14/08/19

	ABONO NORMAL	BONIFICADOS		
		MAIOR DE 65 E DISCAPACIDADE -20%	SUB 25 -40%	ADN BRANQUIAZUL
Tribuna Superior	68,4	54,7	41,1	30,8
Tribuna Inferior	62,7	50,1	37,6	28,6
Preferencia Sup. Central	57,4	45,9	34,4	25,4
Preferencia Sup. Córner	48,9	39,1	29,3	22,2
Preferencia Inferior	28,8	23,0	17,3	12,4
Marathón Superior	41,4	33,1	24,8	18,9
Marathón Inferior	24,2	19,3	14,5	11,31
Pavillón Superior	28,8	23,0	17,3	2,41
Pavillón Curva Superior Par	31,1	24,8	18,6	4,61
Pavillón Inferior	20,7	16,6	12,4	0,21
Pavillón Curva Inferior Par	23,0	18,4	13,8	1,3

FINANCIAMENTO ABANCA

O teu abono do Dépor desde 19,48 €/mes

Até o 13 de agosto de 2019

Os socios do Real Club Deportivo que desexen **financiar o seu abono** da Temporada 2019/20 poderán facelo **en 3, 6, 9 ou 12 meses**, con só unha comisión que se dividirá na súa cota mensual: 3 meses (1 %) **TAE: 6,16%**, 6 meses (1,75 %) **TAE: 6,14%**, 9 meses (2,50 %) **TAE: 6,13%** e 12 meses (3,25 %) **TAE: 6,11%**. Para iso non é necesario que o socio sexa cliente de ABANCA e a operación debe formalizarse no momento de retirar o abono nos despachos de billetes da Oficina de Atención ao Deportivista (Avenida de La Habana s/n).

Para formalizar esta operación só é necesario o DNI do titular se se financian cantidades iguais ou menores a 1.500 €. Superando ese importe hai que presentar xustificantes de ingresos. Toda a información sobre financiamento e os cadros de amortización está dispoñible na Oficina de Atención ao Deportivista. Para unha operación de 425 €, a 12 meses, comisión de estudo financiada 3,25%, 12 cotas de 36,57 €/mes, TIN 0 %, **TAE 6,11 %**, importe total debido 438,84 €. Os 9 meses, comisión de estudo financiada 2,50%, 9 cotas de 48,40 €/mes, TIN 0%, **TAE 6,13 %**, importe total debido 435,60 €. Os 6 meses, comisión de estudo financiada 1,75%, 6 cotas de 72,07 €/mes, TIN 0%, **TAE 6,14 %**, importe total debido 432,42 €. Os 3 meses, comisión de estudo financiada 1%, 3 cotas de 143,08 €/mes, TIN 0%, **TAE 6,16 %**, importe total debido 429,24 €. Importe mínimo de financiamento 150 € e cota mínima a financiar 20 €/mes. Financiamento suxeito aos criterios de concesión e risco de ABANCA Servizos Financeiros, E. F. C., S.A.

ABONO DEPORTIVO LICEO

Só por **5 euros máis** consegue o teu **carné unificado do Real Club Deportivo e do Deportivo Liceo.**

Xunto con todas as vantaxes de ser socio do Dépor poderás ser abonado do Deportivo Liceo podendo acceder a **todos os partidos amigables e de competición oficial** (salvo que sexan declarados día de Club) que se disputen na nosa casa, o Palacio dos Deportes de Riazor. Sen reserva de asento e ata completar o aforo da instalación.

POR SÓ 5 EUROS MÁIS SOLICITA NA OAD O CARNÉ UNIFICADO COMO ABONADO DO REAL CLUB DEPORTIVO E DO DEPORTIVO LICEO.

CALENDARIO

XULLO

2 DE XULLO - 2 DE AGOSTO
Inicio da campaña. Renovación online, presencial e alta de localidades dispoñibles

AGOSTO

3 DE AGOSTO
Fin do prazo de renovación na mesma localidade (presencial)

4 DE AGOSTO
Fin do prazo de renovación na mesma localidade (online)

5-8 DE AGOSTO
Cambios de localidade de asentos liberados só para socios e só mediante cita previa

9-13 DE AGOSTO
Alta de socios de asentos liberados só mediante cita previa

14 DE AGOSTO
Subida do 5% no prezo dos abonos

PROCEDEMENTO

RENOVACIÓNS

CONXÉLANSE OS PREZOS!

DISPÓS DE TODAS AS FACILIDADES E PLATAFORMAS PARA A TÚA RENOVACIÓN!

ONLINE

Na páxina **www.rcdeportivo.es/abonos** durante as 24 horas do día poderanse renovar abonos (**salvo os bonificados como desempregados, bancadas especiais, abonos mensuais e todo o que requira cambio de asento ou de localidade**). Os carnés renovados online durante a Campaña de Abonos estarán dispoñibles desde **72 horas** despois da súa xestión na **DéporTienda do Estadio ABANCA-RIAZOR** (rúa Manuel Murguía, s/n) en horario de luns a sábado de 10:00 a 20:30 horas. Aqueles que retiren o seu abono na DéporTienda disporán dun **5% de desconto acumulable para as compras**. Desconto válido exclusivamente o día de retirada do abono e durante a campaña. Para a recollida do carné será necesario presentar o DNI ou o carné de abonado da pasada temporada do socio titular. Tamén pode seleccionar o envío a domicilio mediante servizo de mensaxería (gastos de envío non incluídos).

TELÉFONO

Mediante o **servizo telefónico de ABANCA: 981 910 544** todos os días de 08:00 a 22:00 horas, poderanse renovar abonos (salvo os bonificados como desempregados, bancadas especiais, abonos mensuais e toda renovación que requira cambio de asento ou de localidade). Os carnés estarán dispoñibles desde **120 horas despois da xestión na sucursal de ABANCA seleccionada** polo abonado (gastos de xestión non incluídos).

TRANSFERENCIA

Mediante **ingreso na conta** do Real Club Deportivo, **ABANCA ES72 2080 0063 42 3040031088** pódense renovar abonos (salvo os bonificados como desempregados, bancadas especiais, abonos mensuais e toda renovación que requira cambio de asento ou de localidade), indicando nome, apelidos e DNI do abonado. Unha vez efectuado o ingreso, é un requisito imprescindible para facer efectiva a renovación **enviar un correo electrónico a atencion.deportivista@rcdeportivo.es achegando o xustificante bancario, copia do DNI**, sinalando os datos do abonado e indicando no asunto "renovación por transferencia". Unha vez recibido o correo electrónico, procederase a comprobar tanto a transferencia bancaria como os datos, e, posteriormente, farase efectiva a renovación respondendo o correo electrónico desde a Oficina de Atención ao Deportivista.

DESPACHOS DE BILLETES NA OAD

Avenida de La Habana, s/n 15011 A Coruña

Pide a túa cita. Entra na plataforma de cita previa de abonos **para evitar as longas colas de espera**. Entra na páxina: **citaprevia.rcdeportivo.es**. Todos aqueles Deportivistas que non soliciten cita previa terán que esperar a que se liberen os postos nos despachos de billetes, pois prevalecerán aqueles que soliciten a cita previa.

Nota: Os días marcados no calendario como **cambio de localidade**, así como **alta de novos abonos das localidades liberadas** (do 5 de agosto ao 13 de agosto), atenderase **exclusivamente polo sistema de cita previa**.

Paga en efectivo ou con tarxeta. Presenta ademais o carné de abonado da Temporada 2018/2019 ou o DNI. En caso de aplicarse algunha nova bonificación, tamén a documentación requirida en cada caso.

Pago fraccionado. Unicamente os abonos que tivesen esta modalidade de pago a Temporada 2018/2019 poderán renovar o seu carné mediante o pago fraccionado en dez cotas co Club, o cal **conleva un incremento do 10% sobre o prezo do abono anual**. O resto de abonados que renoven o seu abono e desexen fraccionar o pago deberán facelo mediante o financiamento de ABANCA. A primeira cota cárgase a primeira semana de xullo de 2019 e a última cargarase en abril de 2020. Os abonos non incluídos no pago fraccionado son: Bancada Familiar, Bancada Peñas, Bancada Estudantes e carnés bonificados co desconto de Desempregados, Socio Amigo e Nen@ Dépor.

Horario de despacho de billetes (Oficina de Atención ao Deportivista. Avenida de La Habana, s/n 15011 A Coruña): **desde o 2 de xullo ao 23 de agosto de luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas. Sábados de 10:30 a 13:30 horas.** Resto da temporada na OAD de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 19:00 horas.

Cambios de bancada e localidade: No momento da renovación podes cambiar de bancada ou localidade para outras bancadas ou localidades dentro das dispoñibles; con todo, se queres cambiar de asento a outro non dispoñible, terás que realizalo **unha vez liberados os asentos non renovados dentro do prazo** e forma establecido no calendario mediante cita previa.

ALTAS NOVAS

SEN COTA DE ENTRADA!

DESPACHOS DE BILLETES NA OAD

Avenida de La Habana, s/n 15011 A Coruña

Pide a túa cita. Entra na plataforma de cita previa de abonos **para evitar as longas colas de espera.** Entra na páxina: **citaprevia.rcdeportivo.es.** Todos aqueles Deportivistas que non soliciten cita previa terán que esperar a que se liberen os postos nos despachos de billetes, pois prevalecerán aqueles que soliciten a cita previa. **Nota:** Os días marcados no calendario como **cambio de localidade**, así como **alta de novos abonos das localidades liberadas** (do 5 de agosto ao 13 de agosto), atenderase **exclusivamente polo sistema de cita previa.**

Paga en efectivo ou con tarxeta. Presenta o DNI/CIF do titular do abono e cobre a ficha de alta cos datos do titular. En caso de carnés bonificados, presenta ademais a documentación requirida en cada caso.

Pago fraccionado mediante o financiamento de ABANCA (ver páxina 13)**.**

Horario de despachos de billetes: desde o 2 de xullo ao 23 de agosto de luns a venres **de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas. Sábados de 10:30 a 13:30 horas.** Resto da temporada na OAD de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 19:00 horas.

RENUNCIA AO ASENTO OU NON RENOVACIÓN

Se non tes pensado renovar o abono desta temporada, **podes renunciar xa á localidade e cedela directamente ao Club** remitindo un correo electrónico a atencion.deportivista@rcdeportivo.es **ou a outro abonado** (renovación ou nova alta). Para iso débese cubrir un formulario. O socio que desexe ocupar esa localidade deberá entregar o formulario debidamente cumprimentado, asinado e coa documentación anexa esixida, na Oficina de Atención ao Deportivista como paso previo á súa alta ou renovación.

LIBERACIÓN DE ASENTOS DESDE O 5 DE AGOSTO

Os abonados manterán a **reserva do seu asento até o domingo 4 de agosto** (presencialmente até o sábado 3 de agosto ás 13:30 horas e online até o domingo 4 de agosto ás 23:59 horas).

A partir do luns 5 de agosto todas as **localidades** que non fosen renovadas serán **liberadas para que outros socios as poidan ocupar,** tanto para cambios de localidade de quen xa renovase (5, 6, 7, 8 exclusivamente para socios mediante cita previa en citaprevia.rcdeportivo.es), como para novas altas que ata ese momento non se podían realizar ao atoparse o aforo da maioría das bancadas completamente ocupado por novos socios e renovacións pendentes **(desde o 9 ao 13 de agosto exclusivamente mediante cita previa en citaprevia.rcdeportivo.es)**

DEREITOS E OBRIGACIÓNS DOS SOCIOS (decálogo do socio)

1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

As seguintes normas teñen como obxecto establecer o **conxunto de dereitos e obrigacións** que deberá cumprir toda persoa que pretenda acceder ou accedese ás **instalacións do Real Club Deportivo.**

2.-REGULAMENTO INTERNO: CONDICIÓNS DE ACCESO E PERMANENCIA NO RECINTO DEPORTIVO

Todos os socios, afeccionados e visitantes sen excepción, deberán cumprir as medidas que se expoñen no **Regulamento Interno do Recinto Deportivo: http://descargas.rcdeportivo.es/rcd_reglamento_interno_recinto_deportivo.pdf**

3.- SOCIOS ABONADOS

A. Condición de socio:

O socio abonado do Dépor é aquel **titular dun abono** (categoría VIP, normal, bonificado ou amigo) **para a Temporada 2019-2020.**

O socio abonado (categoría VIP, normal, bonificado) dá dereito ao seu titular a **asistir aos partidos de LaLiga 1|2|3 2019-2020** que se celebren en ABANCA-RIAZOR.

O socio abonado (categoría VIP, normal, bonificado) dá dereito ao seu titular a **asistir a todos os partidos da Copa do Rey 2019-2020** que se celebren en ABANCA-RIAZOR.

O socio abonado (categoría VIP, normal, bonificado) dá dereito ao seu titular a **asistir a todos os partidos do Trofeo Teresa Herrera 2019.**

O socio abonado (categoría VIP, normal, bonificado) dá dereito ao seu titular a **asistir a todos os partidos do Fabril e categorías inferiores do Dépor** que se celebren na Cidade Deportiva de Abegondo ata completar aforo ou en ABANCA-RIAZOR durante a Temporada 2019-2020.

O socio abonado (categoría VIP, normal, bonificado) dá dereito ao seu titular a **asistir a todos os partidos da Liga Iberdrola e Copa da Raíña do Dépor ABANCA** que se celebren na Cidade Deportiva de Abegondo ata completar aforo ou en ABANCA-RIAZOR durante a Temporada 2019-2020.

O socio abonado (categoría VIP, normal, bonificado, amigo) poderá beneficiarse de todas as **vantaxes que se describen no punto 1 do dossier da campaña** durante a Temporada 2019-2020.

Ao termo de cada temporada, (I) se o abonado categoría normal, bonificado non domiciliado non renova o seu abono dentro do prazo que determina o calendario da campaña liberarase o seu asento. Así mesmo, (II) se a abonado categoría normal, bonificado domiciliado, non manifesta o contrario, renovarase automaticamente para a seguinte temporada a través da conta que facilitase no seu momento. **Unha vez renovado ou dado de alta o abono da temporada non se admiten devolucións baixo ningunha circunstancia.**

Todos aqueles socios que non renoven o seu abono antes do 30 de abril de 2020 perderán definitivamente a súa antigüidade e número de socio.

A aqueles socios abonados cunha **antigüidade ininterrompida de 25 anos** no Club outorgaráselles a **insignia de prata**. A aqueles socios cunha **antigüidade ininterrompida de 50 anos** no Club outorgaráselles a **insignia de ouro e o carné de ouro**, de uso persoal e intransferible para o titular (aqueles socios que crean posuír unha antigüidade maior da que reflicte o sistema do Club, deben achegar os carnés físicos da época que acrediten a súa antigüidade ininterrompida).

B. Categorías:

Normal: Xeral, sen restricións. Este abono é o **único transferible sen restricións** a persoas diferentes do seu titular.

En calquera caso, aquel abonado que transfira o abono a un terceiro co fin de obter un beneficio económico, será sancionado polo Club activando o Órgano Disciplinario Sancionador.

Bonificados: Abonos con restricións. **Intransferibles a persoas cuxas condicións sexan diferentes** ás que permiten obter a bonificación.

Bonificación maiores de 65: A utilización do carné por persoas **menores de 65 anos** será motivo de **retirada inmediata** do mesmo.

Bonificación Desempregado: Só poderá ser **utilizado polo titular** durante a temporada, polo que deberá presentar o DNI a requirimento de calquera empregado do Club, procedéndose á súa retirada en caso de uso indebido.

Bonificación Diversidade Funcional: Só poderá ser **utilizado polo titular** durante a temporada, polo que deberá presentar o DNI a requirimento de calquera empregado do Club, procedéndose á súa retirada en caso de uso indebido.

